



FEGAN

A Coruña, a 16 de xuño de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ACTA N°8 TEMP 2022-23

Equipos participantes:C.W.Lugo - C.W.C. Rias Altas

Competición: Campionato Galego Waterpolo Infantil Mixta.

Data de celebración:10/06/2023.

• **FEITOS**

- O dia 13 de xuño foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"Ao finalizar o decanso entre o segundo e o terceiro período, previo ao comezo deste último, amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, D. Xavier Moreno Domingo (núm. lic.: 1008091), por demorar reiteradamente a colocación dos xogadores ao inicio dos períodos.

No mesmo intre e polos mesmos feitos tamén élle amosada tarxeta amarela ao adestrador visitante, D. Marcos Patiño Calvo (núm. lic.: 1015634).

Ambos adestradores xa foran advertidos verbalmente polo árbitro para cesaren nesta conduta nos inicios dos cuartos anteriores. " .

- O día 13 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

• **CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidad "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).

• **RESOLVE**

- Sancionar a D. Marcos Patiño Calvo con número de licenza 1015634 adestrador do C. W. C. Rías Altas categoría infantil con amoestacion nesta mesma categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN